CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa.		
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo xerando producións motrices de calidade.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo.		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde social: - Deporte profesional: dimensión social.

Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.
- Toma de decisións:
- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.
- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto.
- Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.
- Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.
- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.
- Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que exixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
8	Sáímos á natureza	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física.		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano de forma eficiente, segura e ecosostible.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano de forma eficiente, segura e ecosostible		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. - Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Esquema corporal: - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).

Contidos

- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos/as realicen aprendizaxes significativas por eles/as mesmos/as.
- Favorecer situacións en que os nenos/as deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos/as, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- * Metodoloxía activa. Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados: integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes; participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.
- * Motivación. Considérase fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.
- * Autonomía na aprendizaxe. Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos/as.
- * Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.
- * Atención á diversidade do alumnado. A nosa intervención educativa cos alumnos/as asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- * Sensibilidade pola educación en valores. O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...
- * Avaliación do proceso educativo. A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

Ademais, algúns principios básicos que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

- * Progresión: hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.
- * Intensidade: os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- * Transferencia: cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- * Intereses: os exercicios formulados aos alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- * Individualización: hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a. Cada un "é como é". De aí que á hora de avaliar se teña en conta a actitude e a aptitude.
- * Participación: non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

Indicar que o obxectivo destes principios básicos é aumentar o tempo motriz do noso alumnado durante as sesións de

Educación Física.

Ademais, respectaranse as orientacións metodolóxicas da área de Educación Física:

- A Educación Física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

A Educación Física ao longo da Educación Primaria ten o xogo como o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica, polo seu carácter motivador. Utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións (como mínimo na animación e na volta á calma). A súa utilización é recomendable en Educación Primaria, debido a moitas das súas características: divertido, educativo, evasivo, libre, gratuíto, ficticio, incerto, convencional, creativo, coeducativo, espontáneo, significativo, integral...

Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que, xunto coas danzas e bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

- As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

- O docente debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

- Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

- Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Respecto aos estilos de ensino, cabe destacar que ao longo das sesións se utilizarán os seguintes:

- Mando directo: este estilo ten unha longa historia na Educación Física. Está baseado no estímulo-resposta. O alumno/a responde a uns estímulos, que poden ser dados en varias canles (auditivo, visual, táctil). As súas características básicas son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, cantidade de execución-actividade, calidade... e observa as accións do alumnado.

- Asignación de tarefas: o alumno/a actúa, realiza a tarefa, de acordo á súa propia vontade. O mestre/a ten un contacto máis directo coa clase. Facilítanse as tarefas e non se obriga o alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumno/a é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a dedicar. Está considerado como un dos estilos que máis motiva, porque sempre se adapta aos diferentes niveis.

- Ensino recíproco: o alumno/a pasa a ser profesor/a. Realízase en pequeno grupo ou en gran grupo. O alumno/a é observador e corrector. Aínda que o profesor/a decide as tarefas e exercicios que se van realizar, ademais do patrón de organización da clase, o neno/a pode traer o seu propio material á escola.

- Descubrimento guiado: propónse unha tarefa para que o alumno/a descubra. O profesor/a guía a consecución dos obxectivos, pero nunca dá a solución. O mestre/a dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.

- Resolución de problemas: fórmulanse problemas nos que hai varias solucións; Tráballase, igual que no estilo anterior, a disonancia cognitiva. O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno/a motívase polo descubrimento de "novas" solucións. Este estilo xera un máis alto nivel de resistencia na realización da tarefa que obedece a unha automotivación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Clasificación de materiais e recursos:
A) Convencional pequeno material: aros, cordas, picas, conos, pelotas...

B) Convencional de gran tamaño: porterías, canastras, bancos suecos, colchonetas...
C) Non convencional de refugallo: xornais, botellas, bolsas de plástico, latas, vasos de iogur...
D) Informático e audivisual: proyector, pizarra dixital, ordenador, equipo de música...
E) Instalacións e outros espazos: ximnasio, pavillón, patio exterior, polo creativo, zona verde...

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordados ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten a función de coñecer o nivel aproximado do grupo clase con respecto a algúns contidos (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades físicas básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.) e serve como punto de partida para deseñar ou reaxustar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos da dita unidade. Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levará a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico a través de actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal.
- Coordinación e equilibrio.
- Habilidades motrices básicas.
- Capacidades físicas básicas.
- Expresión corporal e ritmo.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en video para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos.

Cada alumno e cada alumna teñen as súas propias características e necesidades educativas, debido á influencia de múltiples factores, tanto persoais como sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que dende a área de Educación Física debemos ter en conta.

En consecuencia, o profesorado de educación física debe ter a capacidade de aplicar os principios de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	5	15	10	10	15	15	15
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

Ao ser unha programación didáctica da área de educación física empregaremos táboas de indicadores, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Nas nosas sesións empregaremos diferentes instrumentos de avaliación:

- Escalas de observación
- Rexistros anecdóticos
- Listas de control
- Rúbricas
- Outros instrumentos (ludograma, tests motores...)

Que se avalía?

1. Avaliación das unidades didácticas

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación, coa súa porcentaxe específica en cada unha das unidades, e tendo sempre en conta os seus mínimos de consecución establecidos (Ver apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación).

2. Avaliación do trimestre:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. "Relación das Unidades Didácticas desta programación".

3. Avaliación do curso (nota ordinaria):

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere o grao de consecución mínimo dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación propostos de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación propostos de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos criterios de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas xerais de atención á diversidade:

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Unha das principais medidas será seguir o principio do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) no deseño das nosas unidades didácticas e das sesións de Educación Física, facilitando a accesibilidade aos contidos.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE):

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren:

- Necesidades educativas especiais (NEE)
- Por atraso madurativo
- Por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación
- Por trastornos de atención ou de aprendizaxe
- Por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- Por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa
- Polas súas altas capacidades intelectuais
- Por se teren incorporado tarde ao sistema educativo
- Por condicións persoais ou de historia escolar.
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe.

Teremos que ter en conta a todo o alumnado e en especial ao que, polas súas características, se inclúa dentro deste alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Finalmente, indicar que como docentes temos á nosa disposición os protocolos da Consellería para facilitar a atención ao alumnado que presenta altas altas capacidades, TDAH, TEA, Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, discapacidade auditiva, discapacidade visual, discapacidade motora, entre outros.

Tamén teremos moi en conta o Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica coa súa Adenda de diabetes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X					
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X				X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X				X
ET.5 - Fomento da creatividade			X	X	X			
ET.6 - Espírito científico e do emprendemento		X						X
ET.7 - Educación para a paz				X		X	X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X				X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Respetto polos dereitos humanos				X	X			
ET.13 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Nos artigos 16.9, 16.10, 16.11 e 17 do Decreto 155/2022 cítanse como contidos de carácter transversal para todas as áreas: a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento; a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, a educación para a saúde, a prevención e resolución pacífica de conflitos, a igualdade, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

En cada unidade didáctica, concrétnanse os elementos transversais traballados.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plan Proxecta+	Diversos programas dentro do Plan Proxecta+	X	X	X
Xogade	Programa de fomento de hábitos lúdicos e deportivos.	X	X	X
Contratos Programa: EduSaúde	Fomento de hábitos saudables a través de diferentes iniciativas	X	X	X
O Magosto	Celebración desta conmemoración relacionada cos xogos populares e tradicionais	X		
Obradoiro Xogos Tradicionais. O día do peón	Xornada de lúdica de diversos xogos tradicionais coa promoción do día do peón.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da paz	Iniciativas relacionadas coa convivencia dende a área de Educación Física		X	
Día de educación Física na rúa	Promoción da actividade física en colaboración con outros centros			X
Saídas pola contorna natural	Realización de actividades no medio natural	X	X	X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Estas poden estar incluídas dentro do Plan de Hábitos Saudables do centro ou ter certa relación con estos.

Segundo o artigo 35 do 155/2022, os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións:

1. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

2. Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Dende os centros poden solicitar os programas do Plan Proxecta+ relacionados con hábitos saudables ou o contrato programa EduSaúde.

As actividades complementarias que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O reparto dos contidos e CA seleccionados para cada UD é axeitado.
A secuenciación e a temporalización das UD adáptase ás características do grupo de alumnado.
Os instrumentos de avaliación inicial empregados adecúanse ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía vai dirixida ao logro das competencias clave.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Proporcionanse situacións de aprendizaxe motivadoras.
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función da actividade a realizar.
Organízase o espazo físico en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).
Clima de traballo na aula
Proporcionáanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra os contidos.
Estimúlase o diálogo como principal vía para a prevención e resolución de conflitos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase una coordinación periódica co resto de profesorado do equipo docente do grupo.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao longo do curso iremos facendo un seguimento das unidades didácticas na aplicación proens.

Ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomaranse as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

As propostas de mellora serán recollidas na memoria final de área, e teranse en contas para a programación do vindeiro curso.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

9. Outros apartados